

Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 155, do 29.9.1983.

Emendas, BOPG núm. 168, do 28.10.1983.

Debate de totalidade, DSPG núm. 52, do 8.11.1983.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 193, do 17.12.1983.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 199, do 26.12.1983.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 199, do 26.12.1983.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 61, do 29.12.1983.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 204, do 31.12.1983.

Diario Oficial de Galicia núm. 22, do 2.2.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 13, do 15.1.1985.

Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais

Esta lei foi derogada pola Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

O Estatuto de Autonomía contempla nos seus artigos 27.2 e 40.3 a potenciación da parroquia rural como núcleo primario de organización colectiva, con base territorial, característico na comunidade galega.

Neste sentido unha primeira previsión aconsella, sen prexuício daquelas accións máis complexas, ou de maior ámbito xeográfico, cal é a de comarcalización, ordenación rural, institucionalización da propia parroquia rural e, en definitiva, as que responden ó amplo concepto de ordenación do territorio, que se faculden sen máis determinadas actuacións que ó propio tempo que tenden a solventar estímulos puntuais ou resolver situacións máis perentorias do sector agrario, sexan susceptibles de se encadraren nunha estratexia de máis amplos horizontes, aportando á vez a múltiple experiencia que sen dúbida haberán de xerar.

A esta finalidade encamiñase a presente Lei, da aplicación da cal cabe esperar un impacto máis amplo do que o seu limitado alcance inicial puidera evidenciar.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu,

de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Actuación Intensiva nas Parroquias Rurais.

Artigo 1

A Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación e coa participación doutras Consellerías no que afecte ás súas competencias, levará a cabo, nos términos sinalados nesta Lei, Actuacións Intensivas en Parroquias Rurais.

Artigo 2

1. Enténdese por Actuación Intensiva, ós fins da presente Lei, o conxunto de accións e inversións previamente estudias para aplicación en cada Parroquia rural, tendo en conta as súas peculiaridades.

2. A Actuación Intensiva persegue fundamentalmente as seguintes finalidades:

a) A dotación e mellora da infraestrutura e equipamento de servizos comunitarios, e a mellora do entorno ecolóxico e a calidade da vida da poboación rural.

b) A promoción de explotacións agrarias de dimensións suficientes e de características axeitadas en canto á súa estrutura, capitalización e organización empresarial.

Artigo 3

1. Os programas de Actuación Intensiva atenderán preferentemente ás actividades agrarias para conseguirla súa modernización e desenvolvemento integral.

2. Os programas de Actuación Intensiva integrarán as accións e asignarán os medios tendentes á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Dotación e mellora da infra-estrutura viaria, abastecemento de augas e saneamento, equipamento e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación rural e teléfonos.

b) Concentración parcelaria; concesión de auxilios técnico-económicos e financeiros para as explotacións, ordenación de cultivos, transformación en regadíos, construcións gandeiras, mellora da sanidade pecuaria, e aproveitamento racional dos recursos forestais.

c) Estímulo ás industrias de elaboración, conservación, transformación e comercialización de produtos agrarios.

d) Protección da caza e pesca fluvial, e da paisaxe natural.

e) Capacitación, promoción da formación profesional e cultural;

promoción das actividades deportivas, recreativas e de ocio da poboación rural; estímulo e fomento das cooperativas e demais modalidades asociativas agrarias.

Artigo 4

1. O expediente de Actuación Intensiva poderase iniciar:

a) Por solicitude da maioría dos agricultores da parroquia.

b) A petición, previo acordo corporativo, das respectivas Cámaras Agrarias Locais.

c) De oficio pola propia Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. As solicitudes serán presentadas ante a Delegación Provincial correspondente da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Recibida a solicitude ou petición, a Delegación Provincial recabará información do Concello e da Cámara Agraria Local respectiva en orde á veracidade dos datos consignados, se esta non se acompañase á mesma, agás que o expediente se iniciase de oficio pola Consellería. Así mesmo, a Delegación Provincial da Consellería emitirá un informe técnico-económico sobre a oportunidade da Actuación Intensiva.

4. O expediente farase público a efecto de audiencia dos interesados no Concello e nos lugares parroquiais de costume.

Artigo 5

A selección de parroquias que iniciasen expediente de Actuación Intensiva para a súa inclusión nos Programas correspondentes da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, practicarase cando razóns de índole técnica ou presupostaria así o impuxesen, atendendo ós seguintes criterios:

a) As que promovan ou se encontren en fase de concentración parcelaria.

b) Aquelas nas que se observen uns índices de depresión económica máis acentuados.

c) As que faculden ou promovan a Actuación agrupada ou simultánea en varias Parroquias limítrofes en función da corrección das desigualdades máis significativas e unha equitativa distribución territorial.

d) O grado de aquiescencia e aceptación pola Comunidade.

e) As xa concentradas.

Artigo 6

1. O Informe Técnico-Económico sobre a oportunidade de declarar a Actuación Intensiva realizárase pola Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, con asesoramento da Xunta Parroquial á que se refire o artigo 9 e a colaboración, no seu caso, da Deputación Provincial, Concello e Cámara Agraria local respectivos e, de proceder, das Delegacións provinciais doutras Consellerías.

2. Tamén poderá solicitarse a colaboración de empresas públicas e privadas para a Actuación coordinada en orde á mellora ou dotación de Servicios demandados pola Comunidade.

Artigo 7

1. A Actuación Intensiva será acordada pola Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, e o Decreto do Acordo determinará como mínimo:

a) A delimitación do ámbito territorial da Actuación.

b) O Programa de Actuación Intensiva, elaborado conxuntamente polas Consellerías implicadas e coordinado pola de Agricultura, Pesca e Alimentación.

c) Os estímulos e axudas ás explotacións.

d) Os criterios de calificación das explotacións preferentes e protexidas.

e) O prazo de duración, que non será superior a tres anos e poderá ser ampliado por un ano máis se circunstancias especiais o requiren para executa-las actuacións programadas.

2. Establecerase obrigatoriamente o programa especial de sanidade animal, que poderá ser mantido en vixencia despois de finaliza-lo prazo de Actuación Intensiva.

3. O Decreto poderá declarar de utilidade pública e interés social

aqueles accións do Programa de Actuación Intensiva que o requiriran a efectos de expropiación forzosa.

Artigo 8

Cando a Actuación Intensiva conleve accións de competencia de varias Consellerías, o Decreto de declaración farase a proposta conxunta daquelas, e especificará as obras e actuacións que correspondan a cada unha das mesmas.

Artigo 9

1. Ós efectos desta Lei, as Xuntas Parroquiais son órganos locais que actúan como portavoces dos intereses xerais da Parroquia, informando, asesorando e colaborando nas distintas fases e accións da Actuación Intensiva.

2. Os membros das Xuntas Parroquiais serán elixidos de entre eles polos agricultores da Parro-

quia, debendo fixarse regulamentariamente o número dos seus componentes e o seu réxime de funcionamento.

3. As Xuntas Parroquiais poderán recabar asesoramento gratuito e información da Administración.

Disposición derradeira

A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación elevará ó Consello da Xunta, no prazo de 6 meses, as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución da presente Lei.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 1983

Gerardo Fernández Albor
Presidente